



INFORMACIÓN SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO 2022/2023

a) Normativa reguladora da admisión de alumnado:

- *Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).*
- *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

b) Oferta de postos escolares por curso:

EDUCACIÓN INFANTIL	VACANTES	EDUCACIÓN PRIMARIA	VACANTES	ESO	VACANTES
4º	25 (3 NEAE*)	1º	6 (3 NEAE*)	1º	13 (3 NEAE*)
5º	12	2º	11	2º	12
6º	10	3º	1	3º	10
		4º	4	4º	2
		5º	9		
		6º	1		



* NEAE: Número de prazas reservadas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

c) O prazo de presentación das solicitudes de admisión é do 01.03.2022 ata o 21.03.2022 (ambos incluídos).

d) Nota importante sobre a admisión de alumnado:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude de admisión no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A presentación de máis dunha solicitude de admisión determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

e) Se fora necesario baremar as solicitudes de admisión, a documentación acreditativa dos criterios de baremo presentaríase nos 10 días hábiles contados a partires dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

f) Publicación das listaxes provisionais e definitivas do alumnado admitido:

- As listaxes provisionais publicaranse o día 20.04.2022.
- O prazo de reclamación contra as listaxes provisionais será do 21.04.2022 ata o 27.04.2022.
- As listaxes definitivas publicaranse o día 28.04.2022.
- As listaxes provisionais e definitivas poderanse consultar a través da aplicación *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) empregando a Chave365 ou o certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre. Tamén se poderán consultar no taboleiro de anuncios situado no interior do centro.

g) Prazos para formalizar a matrícula:

- En infantil e primaria: Do 20.06.2022 ata o 30.06.2022
- Prazo ordinario en ESO: Do 25.06.2022 ata o 10.07.2022
- Prazo extraordinario en ESO: Do 01.09.2022 ata o 10.09.2022



h) Centros adscritos ao CPI As Revoltas e adscripción deste:

- Centros adscritos ao CPI As Revoltas:
 - CRA Nosa Señora do Faro (Ponteceso)
- O CPI As Revoltas está adscrito aos seguintes IES:
 - IES Eduardo Pondal (Ponteceso)
 - IES Maximino Romero de Lema (Baio)

i) Área de influencia do centro en cada ensinanza:

Educación infantil e 1º e 2º de educación primaria:	Parroquias de Canduas, Borneiro, Corcoesto, O Esto, Cundíns, Silvarredonda, Anos e Cesullas (excluído Neaño).
De 3º a 6º de educación primaria:	Todo o concello de Cabana de Bergantiños, agás as parroquias de Nantón e Rioboo.
ESO:	Todo o concello de Cabana de Bergantiños.

j) O centro dispón dos servizos complementarios de transporte escolar e comedor escolar.

- Normativa reguladora do transporte escolar:
 - *Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar (DOG do 09.07.1988).*
 - *Decreto 160/1988, do 9 de xuño, plo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG do 27.06.1988). Modificado polo Decreto 342/1998, do 27 de novembro (BOE do 03.12.1998).*
 - *Orde do 15 de de decembro de 1989 reguladora do transporte de escolares e obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG do 09.01.1990).*
- Normativa reguladora do comedor escolar:
 - *Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG do 13.08.2013).*



- k)** O proxecto educativo do centro está a disposición dos interesados na súa páxina web no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cpiasrevoltas/node/264>

- l)** As solicitudes de admisión poderanse presentar a través da aplicación *admissionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admissionalumnado/>) ou de forma presencial na secretaría do centro docente, sen prexuízo de presentalas en calquera dos lugares e rexistros establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cabana de Bergantiños, 24 de febreiro de 2022